



BOP

LUNES, 30 DE MAYO DE 2011

Nº 121

DIPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.org

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

AUGAS DE GALICIA - SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

A Sociedade de Cazadores Santamariña, solicita de Augas de Galicia un caudal de 0,038 litros/segundo de augas procedente dun pozo, no lugar de Reboredo, da parroquia de Santiago de Reboredo, no concello de Antas de Ulla (Lugo), con destino a uso gandeiro e rega. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 109 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.A27.05808

As características do aproveitamento son:

SOLICITANTE:	Sociedade de Cazadores Santamariña
REPRESENTANTE:	José Indalecio Castosa Corbelle
CAUDAL:	0,038 l/seg
DESTINO:	uso gandeiro e rega
ORIXE:	pozo
LUGAR:	Reboredo
PARROQUIA:	Santiago de Reboredo
CONCELLO:	Antas de Ulla

As actuacións consistiron na captación de augas mediante un pozo na parcela 268 do polígono 503, distribuíndose as augas ata as instalacións de cría de coello mediante un tubo perimetral dende o que se dispoñen billas para abastecer os bebedeiros dos animais e conectar os elementos de rega.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de vinte (20) días naturais, a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no concello de Antas de Ulla ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla nº 70-2º andar, 27071, Lugo, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 16 de maio de 2011.- O xefe do Servizo Territorial, Néstor Rodríguez Arias

R. 2659

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

CLAVE: DH.W27.05743

Dª. Caridad Vázquez García, con DNI 76559777E, e con enderezo en Gorvidal, Bacoí, 27773, Alfoz (Lugo).

Solicita AUTORIZACIÓN para as obras de reconstrución dun garaxe en Gorvidal, parroquia de Bacoí, concello de Alfoz (Lugo) na zona de policía do río Ouro.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de VINTE (20) DÍAS, a partir do seguinte á data da publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan danados poidan presentar as súas

reclamacións, durante o prazo sinalado, nas oficinas deste Servicio, situado na Ronda Muralla, 70 -2º Lugo, onde se atopa exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 16 de maio de 2011.- O xefe do servizo territorial, Néstor Rodríguez Arias

R. 2660

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA DE LUGO

Anuncio

Resolución do 11 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello do Vicedo (Expediente IN407A 2011/37-2-7875-AT)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO

- Denominación: REFORMA E AMPLIACIÓN DE CT VIVENDAS SOCIAIS E RBT A URBANIZACIÓN MAR

- Situación: CONCELLO DO VICEDO

- Características Técnicas:

- Reforma no CT Vivendas Sociais (6014), consistente na desmontaxe do aparelaxe de media tensión existente e na instalación de dúas celdas de protección de transformador e tres celdas de liña, instálase ademais un novo transformador de 630 kvas.
- RBTs soterradas con orixe no CT proxectado e final nas BTVs situadas nos edificios a electrificar en conductor tipo RV.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 11 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 2661

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello de Xove (Expediente IN407A 2011/21-2-7859-AT)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO

- Denominación: ADECUACIÓN DE PUNTO DE CONEXIÓN DE MT PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO AOS SSAA DE SUBESTACIÓN 400/132 KV DE REE

- Situación: CONCELLO DE XOVE

- Características Técnicas:

- Adecuación da LMTA a CTI Sumoas Abajo, consistente na substitución do apoio anterior o CT (C-14 /1000) por un apoio de celosía novo C-16/3000, e o tendido do vano entre ese apoio e o CT Sumoas Abajo, cunha lonxitude de 98 metros en LA-56.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 16 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R.2663

Anuncio

Resolución do 18 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Burela .(Nº expte:IN407A 2010/76-2-7758-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO
- Denominación: LMTS E CTC PARA SUMINISTRO ELÉCTRICO NA AVDA DA MARIÑA ESQUINA R/ LAMESTRA
- Situación: CONCELLO DE BURELA
- Características Técnicas:
 - LMTS a 20 kv, consistente en anelar o CT proxectado, entre o CTC Edificio Penoural (08466) e o CTC Edificio Medusa (07502), cunha lonxitude de 120 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.
 - CT en edificio non prefabricado, cunha potencia proxectada de 630 kva e unha potencia inicial de 400 kva, no cal se instalan dúas celdas de liña e unha de protección, relación de transformación 20.000/400-230V.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial **resolve**:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 18 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 2664

Anuncio

Resolución do 18 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello da Pntenova (Expediente IN407A 2011/1-2-7838-AT)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA
- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO
- Denominación: DETERMINAR O PUNTO DE CONEXIÓN DA CENTRAL ELÉCTRICA DE PACIOS Á LMT A CONFORTO
- Situación: CONCELLO DA PONTENOVA
- Características Técnicas:
 - Instalación dun novo apoio tipo M-FL-3000 en substitución dun existente na LMTA a CT Conforto e tendido dun novo vano cunha lonxitude de 90 metros en conductor LA-56.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 18 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 2665

Anuncio

Resolución do 18 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo pola que se autoriza e aproba o proxecto de execución da instalación eléctrica no Concello de Cervo .(Nº expte:IN407A 2010/162-2-7754-AT)

Visto o expediente para outorgamento de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución das instalacións eléctricas que a seguir se cita:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO

- Denominación: LMTS, CTC E RBTS PARA A SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA NA AVDA DA VEIGA, S/N

- Situación: CONCELLO DE CERVO

- Características Técnicas:

- LMTS a 20 kv, consistente en anelar o CT proxectado, entre o CTC Avda da Veiga, 3 (07614) e o CTC Playa-Mar (06101), cunha lonxitude de 218 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.
- CT en edificio non prefabricado, cunha potencia proxectada de 1230 kva e unha potencia inicial de 1260 kva, no cal se instalan dúas celdas de liña e dúas de protección, relación de transformación 20000/400-230V.
- RBTSs baixo tubo con orixe nos cadros de baixa tensión do CT proxectado e final nas CXPs dos edificios a electrificar, en conductor tipo RV.

Cumpridos os trámites ordenados na Lei 54/1997 do 27 de novembro, e no Real Decreto 1955/2000, do 1 de decembro (BOE nº 310), polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica, este departamento territorial **resolve**:

Autorizar e aprobar o proxecto de execución das devanditas instalacións, cuxas características se axustaran en todas as súas partes ás que figuran nel e ás condicións técnicas e de seguridade establecidas nos regulamentos de aplicación e nos condicionados establecidos polos ministerios, organismos ou corporacións que constan no expediente, independentemente das autorizacións, licencias ou permisos de competencia municipal, provincial ou outros necesarios para a realización das obras das instalacións autorizadas.

Contra esta resolución poderase interpor recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da

notificación desta resolución; tamén se poderá interpor calquera outro recurso que se considere pertinente.

Lugo, 18 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R. 2666

Anuncio

Resolución do 16 de maio de 2011 da Xefatura Territorial de Lugo, pola que se somete a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica no Concello de Lugo (Expediente IN407A 2011/15-2-7852-AT)

Para os efectos previstos na Lei 54/1997 do 27 de novembro e no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, sométese a información pública a petición de autorización da instalación eléctrica que se cita:

- Solicitante: BEGASA

- Domicilio Social: R/ CIDADE DE VIVEIRO, 4, 1º, 27002 LUGO

- Denominación: LMTS A CS GADIS-CEAO

- Situación: CONCELLO DE LUGO

- Características Técnicas:

- LMTS a 20 kv, en canalización proxectada e existente con orixe no CS INGAPAN 2 (9562), entra e sae no CS GADIS a instalar polo cliente e remata no CT BENIGNO RIVERA (10936), cunha lonxitude de 93 metros de conductor proxectado tipo RHZ-240.

Todas aquelas persoas ou entidades que se consideren afectadas poderán presentar as súas alegacións nesta xefatura territorial, no prazo de vinte días.

Lugo, 16 de maio de 2011.- O xefe territorial, José Manuel Vázquez Leirado

R.2667

XEFATURA TERRITORIAL CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR DE LUGO*Anuncio***CONVENIO COLECTIVO DA EMPRESA BOMBONES SUGUIMAR S.A. DE LUGO****Art. 1. - Ámbito persoal.**

As estipulacións do presente Convenio Colectivo obrigará a Empresa e aos seus traballadores, rexéndose, no non estipulado nel, pola Ordenanza Laboral para as Industrias da Alimentación.

Art. 2. - Ámbito territorial.

A eficacia e obrigatoriedade do presente Convenio Colectivo alcanza os límites territoriais de Lugo e a súa provincia, quedando por iso afectadas a este cantos Centros de traballo teña a Empresa e aquelas Sucursais, que dependendo dela están domiciliadas dentro de ditos límites, aínda que os traballadores, pertencentes a ela se atopen domiciliados fóra de ditos límites.

Art. 3. - Vixencia.

Este Convenio entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009 e finalizará o 31 de decembro de 2011, con independencia da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Art. 4. - Absorción e compensación.

Todas as melloras económicas e de traballo que se implanten en virtude do presente Convenio Colectivo serán compensadas e absorbibles ata onde alcancen os aumentos e melloras e coas que proceda establecer mediante disposicións legais que no futuro se promulguen, sexa calquera o seu concepto.

Art. 5. - Comisión Paritaria.

A Comisión Mixta Paritaria que interpretará e vixiará o cumprimento do pactado neste Convenio e estará composta por:

- Un/Unha representante da Empresa
- O/A representante legal dos traballadores da Empresa

Cada parte poderá nomear os seus propios asesores quedando determinada a cantidade máxima de asesores en 3 persoas por cada parte, ditos asesores figurarán como membros da Comisión Mixta Paritaria e participarán con voz pero sen voto.

En caso de non se chegar a acordos na devandita Comisión, ambas as dúas partes someteranse aos procedementos do Acordo Interprofesional Galego de Solución de Conflitos Colectivos de Traballo (AGA), que xestiona o Consello Galego de Relacións Laborais.

Art. 6. - Salarios de Convenio.

Os salarios de Convenio establecidos para cada categoría profesional son os que figuran na táboa do Anexo I , Anexo II e Anexo III.

Art. 7. - Denuncia e rescisión.

Cunha antelación da mínima dun mes á data de finalización do Convenio, deberá de ser denunciado por calquera das partes. A ausencia desta denuncia significará, en todo caso, a prórroga deste por un ano, en termos iguais ao do presente texto articulado, salvo no referente á táboa salarial que deberá de ser negociada pola Comisión Mixta Paritaria.

Art. 8. - Antigüidade.

Percibiranse ata dez trienios na contía do seis (6) por cento do Soldo Mensual do Convenio que para cada categoría profesional se detalla no Anexo I deste Convenio: Todo iso sen prexuízo do establecido no Artigo 25.2 do Estatuto dos Traballadores, Lei 8/80 do 10 de marzo.

Art. 9. - Gratificacións extraordinarias.

Con carácter de complemento salarial, aboaranse dúas gratificacións extraordinarias, o 25 de xullo e Nadal, na contía, cada unha delas, de trinta días de salario e antigüidade, debendo facerse efectiva o día laborable inmediato ao 24 de xullo e 22 de decembro, na forma que establece a Ordenanza Laboral.

Art. 10. - Complementos de participación en beneficios.

Con carácter de participación en Beneficios, as Empresas aboarán aos seus traballadores, unha gratificación equivalente a trinta días de salario máis antigüidade, cuxo pagamento se efectuará no primeiro trimestre de 2007.

Art. 11. - Remuneración extrasalarial por accidentes de traballo e intervención cirúrxica.

As empresas aboarán o traballador de baixa por I.T. por accidente de traballo, logo de presentación de documento acreditativo de Baixa, e a partir do primeiro día de producirse este e ata os dezoito meses de duración da devandita Baixa, o 100 por 100 do salario regulamentario de cotización.

Todo traballador, cun mínimo de dous anos de antigüidade na Empresa, e logo de presentación de baixa, que se atope hospitalizado, percibirá unha remuneración extrasalarial consistente na diferenza entre a cantidade percibida do Seguro de Enfermidade do I.N.S.S. e o 100 por 100 do total resultante da suma de retribución do Convenio máis a antigüidade, todo iso durante un período de corenta e cinco días naturais, unha vez ao ano.

Art. 12. - Vacacións.

O persoal comprendido no presente Convenio Colectivo gozará dun período natural de trinta e un días (31) de vacacións, que serán distribuídas preferentemente de xuño a setembro.

Art. 13. - Exposición do calendario de vacacións.

Todas as Empresas afectadas polo presente Convenio Colectivo exporán antes do mes de maio o Calendario de Vacacións. Calquera discrepancia, ao efecto, será resolta pola Comisión Mixta Paritaria.

Art. 14. - Prendas de traballo.

Con carácter xeral as Empresas, suxeitas a este Convenio proverán, ao persoal que polo seu traballo o necesite, de xeito obrigatorio, e dúas veces por ano, de batas, toucas e gorras, monos ou fundas e panos.

Art. 15. - Liquidación por cesamento.

Cando o traballador cause baixa na Empresa, aboaráselle o importe da liquidación de salarios que legalmente lle corresponda, incluído o importe das gratificacións extraordinarias e de vacacións en proporción ao tempo traballado desde que se devengou a correspondente gratificación ou se gozaron as oportunas vacacións. Igualmente, no suposto que acredite dez anos de permanencia na Empresa, percibirá como premio de constancia no traballo o importe de dúas mensualidades das súas retribucións vixentes á data da baixa.

Exclúense do cobramento das cantidades anteriores os supostos de extinción por falecemento do traballador ou Empresario, Invalidez ou Xubilación do Empresario, Despedimentos procedentes e aquelas extincións en que o traballador teña dereito ao cobramento de indemnizacións previstas no Estatuto dos Traballadores.

Art. 16. - Condicións máis beneficiosas.

Respectaranse aquelas situacións persoais que con carácter global excedan do pactado, manténdose estritamente "ad personam", non sendo absorbibles as diferenzas económicas que se viñeron percibindo con respecto ao Convenio do ano anterior. Para todo o previsto neste Convenio se estará ao disposto na xornada laboral de alimentación.

Art. 17. - Xornada de Traballo.

A xornada de traballo será de corenta horas semanais de luns a venres.

Art. 18. - Modalidades de contratación.

Os contratos formalizados ao amparo do art.15.1b) do TRET para atender a circunstancias do mercado, acumulación de tarefas ou exceso de pedidos poderán ter unha duración máxima de doce meses e medio, dentro dun período de dezoito meses.

Art. 19. - Vinculación á totalidade.

As condicións pactadas neste Convenio forman un todo orgánico indivisible para efectos da súa aplicación e serán consideradas globalmente no seu conxunto anual. No suposto que a Autoridade laboral, en uso das súas facultades, non aprobase algún dos pactos contidos no presente Convenio, as partes asinantes considerarán se é válido, por si só, o resto do texto aprobado ou ben se é necesaria nova e total negociación.

Art. 20. - Cláusula de revisión salarial.

No caso de que o Índice de Prezos ao Consumo (IPC), establecidos polo Instituto Nacional de Estatística, rexistrase a 31 de decembro de 2011 un incremento superior ao 2%, efectuarase unha revisión salarial con retroactividade, tan pronto se constate a devandita circunstancia, no exceso sobre a cifra indicada. As novas táboas servirán de base para o cálculo dos salarios do ano 2012.

Art. 21. - Permisos retribuídos.

Serán tres os días con permiso retribuído que serán gozados a libre disposición dos traballadores.

Art. 22. - Póliza de seguros.

A Empresa subscribirá unha póliza que, en caso de accidente laboral con falecemento do traballador/a, será percibida, nunha contía de 12.000 euros, polo seu cónxuxe ou herdeiros legais e en caso de Invalidez Permanente Total ou Absoluta será o traballador/a o que perciba 15.000 euros.

Art. 23. - Xubilación Parcial.

A empresa concederá aos traballadores, á súa petición, a xubilación parcial, previa solicitude dun mes de antelación, conforme ao disposto no Real Decreto 1.131/2002.

Disposición final.

De conformidade co que establece o Real Decreto Lei 14/1981, do 20 de agosto, e para o caso de traballadores con 64 anos cumpridos que opten por acollerse á xubilación sen mingua dos seus dereitos, as Empresas incluídas neste Convenio obrigaranse a substituír a cada traballador que opte pola xubilación por outro traballador que sexa titular de dereito de calquera das prestacións económicas por desemprego ou mozo demandante de primeiro emprego, mediante un contrato da mesma natureza que o extinguido.

ANEXO I**TÁBOAS DE SALARIOS DEFINITIVA 2009 (EUROS)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO MENSUAL	SOLDO ANUAL	ANTIGUEDADE MENSUAL (POR TRIENIOS)
ENCARGADO	881,42	13.221,26	52,89
OFICIAL 1ª E VIAXANTE	861,85	12.927,78	51,71
OFICIAL 2ª	845,30	12.679,52	50,72
PEÓN E AXUDANTE	816,10	12.241,58	48,97
AUX. ADMINISTRATIVO	858,24	12.873,63	51,49
APRENDICES (ANO 2001)	624,00	9.360,00	

ANEXO II**TÁBOAS DE SALARIOS DEFINITIVA 2010 (EUROS)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO MENSUAL	SOLDO ANUAL	ANTIGUEDADE MENSUAL (POR TRIENIOS)
ENCARGADO	907,86	13.617,89	54,48
OFICIAL 1ª E VIAXANTE	887,71	13.315,62	53,26
OFICIAL 2ª	870,66	13.059,91	52,24
PEÓN E AXUDANTE	840,58	12.608,83	50,44
AUX. ADMINISTRATIVO	883,99	13.259,84	53,04
APRENDICES (ANO 2001)	633,30	9.499,50	

ANEXO III**TÁBOAS DE SALARIOS PROVISIONAL 2011 (EUROS)**

CATEGORÍA PROFESIONAL	SOLDO MENSUAL	SOLDO ANUAL	ANTIGUEDADE MENSUAL (POR TRIENIOS)
ENCARGADO	926,02	13.890,25	55,57
OFICIAL 1ª E VIAXANTE	905,46	13.581,93	54,32
OFICIAL 2ª	888,07	13.321,11	53,28
PEÓN E AXUDANTE	857,39	12.861,00	51,45
AUX. ADMINISTRATIVO	901,67	13.525,03	54,10
APRENDICES (ANO 2001)	641,40	9.621,00	

R. 2668

Anuncio

Visto o acordo para a revisión salarial do convenio colectivo para a empresa **CALFENSA PROYECTOS, S.L.**, da provincia de Lugo, asinado o día 15 de abril de 2011, pola representación da mencionada empresa e a dos seus traballadores, e de conformidade co disposto no artigo 90 apartados 2 e 3 do Real decreto legislativo 1/95, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos e acordos colectivos de traballo.

Esta Xefatura Territorial, **ACORDA**:

PRIMEIRO: Ordenar a inscrición da revisión do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta xefatura territorial, así como o seu depósito.

SEGUNDO: Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Lugo, 11 de maio de 2011.- A xefa do Servizo de Relacións Laborais, Matilde I. Alonso da Cunha

ACTA COMISIÓN NEGOCIADORA
CONVENIO COLECTIVO DE LA EMPRESA CALFENSA PROYECTOS, S.L.

ASISTENTES

Por la representación de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

D. JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ

1. Por la representación de los trabajadores de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Dª. Mª DORES GUERRERO PÉREZ
D. JOSÉ MANUEL YÁÑEZ FERNÁNDEZ
Dª. LUCÍA CEIDE ARIAS
D. MANUEL ÁLVAREZ DÍAZ
D. ANTONIO FERNÁNDEZ VALÍN

En Lugo, siendo las _19_ horas del día 15__ de abril de 2011, se reúnen en el domicilio de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. (Ctra. Lugo - Sarria C-546 Km. 2; Santa Comba - Lugo) las personas al margen relacionadas, miembros todas ellas de la **Comisión Negociadora del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.**, adoptándose, tras los debates oportunos, los siguientes

ACUERDOS:

Primero.- Habida cuenta de la crisis económica general y, en especial, de la crisis del sector al que pertenece la empresa, derivada de los recortes de gastos públicos, la crisis de la construcción y el descenso del consumo, y reconociéndose el esfuerzo económico realizado durante el periodo de vigencia ya transcurrido, al objeto de aunar esfuerzos y colaborar activamente en la reactivación económica de la empresa, nos parece razonable compensar el 1,2% cobrado de más en el año 2009 debido a la desviación a la baja del IPC real, con el 1,5% cobrado de menos en el año 2010 debido a la desviación al alza

del IPC real, o sea, se abonaría y consolidaría en el año 2010 la diferencia del 0,3%, acordándose por lo tanto la sustitución del artículo 14 del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. por el siguiente redactado:

Artículo 14.- Salario base

Incrementos salariales. El incremento salarial para el período 2008, 2009, 2010 y 2011 es el fijado en el texto del vigente Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Revisión salarial: La revisión salarial para los años 2008 y 2009 es la fijada en el texto del vigente Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L.

Para el año 2010, las tablas salariales del Convenio se revisarán incrementándose en un 0,3%, de lo que resulta un incremento final para el ejercicio 2010 de 2,3% sobre las tablas salariales del ejercicio 2009.

Para el año 2011 la revisión será la fijada en el texto del vigente Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L. salvo que las partes acuerden su sustitución.

Segundo.- En consonancia con lo acordado en el número Primero, se acuerda la aprobación de la tabla salarial revisada para el ejercicio 2010 del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L., con vigencia desde el 1 de enero de 2010, y consecuencia de aplicar un incremento del 2,3% sobre la tabla salarial del ejercicio 2009.

Tercero.- Igualmente en consonancia con lo acordado en el número Primero, se acuerda la aprobación de la tabla salarial inicial para el ejercicio 2011 del Convenio Colectivo de la Empresa CALFENSA PROYECTOS, S.L., con vigencia desde el 1 de enero de 2011, y consecuencia de aplicar un incremento del 2% [IPC previsto más 1 punto] sobre la tabla salarial revisada del ejercicio 2010.

Cuarto.- Los atrasos por diferencias de salarios consecuencia de la aprobación de la tabla salarial a la que se hace referencia en el acuerdo anterior podrán abonarse a los trabajadores en el plazo de un mes a contar desde la publicación de la misma en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

Quinto.- Remitir el texto y tabla aprobados, así como la presente Acta y demás documentación necesaria, a la Autoridad Laboral competente a los efectos legales oportunos.

Sexto.- Cumplimentar los datos estadísticos recogidos en el modelo Hoja Estadística de Convenios Colectivos de Empresa.

Séptimo.- A los efectos del registro y depósito de la modificación aprobada y de las tablas igualmente aprobadas, se autoriza a D^a. Guadalupe Hervera Iglesias, titular del D.N.I. núm. 33.32.1.188F, responsable de negociación colectiva de la Confederación de Empresarios de Lugo, a la presentación de la solicitud de inscripción correspondiente ante el Registro de la autoridad laboral competente, facilitando cuantos datos sean necesarios para la presentación de dicha solicitud de inscripción.

Y para que así conste, en prueba de conformidad, firman la presente Acta en el lugar y fecha indicados en el encabezamiento.

Por la empresa:

D. JOSÉ RAMÓN PANETE FERNÁNDEZ

Por los trabajadores:D^a. M^a. DORES GUERRERO PÉREZ

D. JOSÉ MANUEL YÁÑEZ FERNÁNDEZ

D^a. LUCÍA CEIDE ARIAS

D. MANUEL ÁLVAREZ DÍAZ

D. ANTONIO FERNÁNDEZ VALÍN

Tabla Salarial Revisada 2010**Convenio Colectivo de la Empresa Calfensa Proyectos, S.L.**

Vigencia desde el 1-1-2010 hasta el 31-12-2010

Categoría Profesional	Salario base mensual	Retribución anual
Director gerente	2.159,25	30.229,50
Técnico jefe	1.665,72	23.320,08
Jefe comercial	1.665,72	23.320,08
Técnico	1.110,49	15.546,86

Técnico en prácticas	925,41	12.955,74
Jefe Administración	1.418,95	19.865,30
Oficial administrativo	1.017,94	14.251,16
Auxiliar administrativo	863,69	12.091,66
Encargado	1.048,79	14.683,06
Oficial de 1ª	956,24	13.387,36
Oficial de 2ª	863,69	12.091,66
Peón especialista	832,87	11.660,18
Peón	789,68	11.055,52
Ordenanza/conserje	789,68	11.055,52
Limpiador	7,78 hora	

Nota.- En la categoría profesional de limpiador, el salario hora incluye la parte proporcional del descanso semanal y festivos.

Tabla Salarial 2011

Convenio Colectivo de la Empresa Calfensa Proyectos, S.L.

Vigencia desde el 1-1-2011 hasta el 31-12-2011

Categoría Profesional	Salario base mensual	Retribución anual
Director gerente	2.202,44	30.834,16
Técnico jefe	1.699,03	23.786,42
Jefe comercial	1.699,03	23.786,42
Técnico	1.132,70	15.857,80
Técnico en prácticas	943,92	13.214,88
Jefe Administración	1.447,33	20.262,62
Oficial administrativo	1.038,30	14.536,20
Auxiliar administrativo	880,96	12.333,44
Encargado	1.069,77	14.976,78
Oficial de 1ª	975,36	13.655,04
Oficial de 2ª	880,96	12.333,44
Peón especialista	849,53	11.893,42
Peón	805,47	11.276,58
Ordenanza/conserje	805,47	11.276,58
Limpiador	7,94 hora	

Nota.- En la categoría profesional de limpiador, el salario hora incluye la parte proporcional del descanso semanal y festivos.

R. 2669

GOBIERNO DE ESPAÑA

SUBDELEGACIÓN DEL GOBIERNO EN LUGO - OFICINA DE EXTRANJEROS

Anuncio

En expediente de solicitud de Autorización de Trabajo y Residencia por Cuenta Ajena, 1ª renovación, presentada por el nacional de Perú, WILLIAM GINO GONZALES CARRASCO, ha recaído resolución de fecha 18 de Abril de 2011, archivando la citada solicitud de Autorización de Trabajo y Residencia.

Como quiera que la notificación de dicha resolución no ha podido ser practicada, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1992, modificada por la Ley 4, de 13 de enero de 1999, BOE 14 de enero de 1999.

Contra la presente resolución, que no agota la vía administrativa, podrá interponer RECURSO de ALZADA, ante el Delegado del Gobierno en A Coruña, en el PLAZO de un mes, contado desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución, de acuerdo con lo previsto en el art. 114 de la Ley 30/92, de 26 de noviembre (BOE del 27) de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común y Disposición Adicional 10ª del R.D. 2393/2004 de 30 de diciembre.

El correspondiente expediente figura a disposición de la interesada para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de esta Subdelegación del Gobierno en Lugo, Calle Río Neira, 19-21.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe

R. 2670

Anuncio

En expediente de solicitud de Autorización de Residencia Temporal por Circunstancias Excepcionales por Arraigo Social, presentado en esta Subdelegación del Gobierno por el ciudadano de República Dominicana, JOSÉ JUNIOR RAMÍREZ CONTRERAS, se ha remitido escrito de requerimiento en fecha 04/05/2011, cuya parte dispositiva es la que sigue:

“ Se da un plazo de OCHO días hábiles, siguientes a la recepción de la comunicación, para el pago de tasa “modelo 790” y QUINCE DÍAS (desde la fecha de efectuarse el pago) para remitir a esta Subdelegación del Gobierno resguardo conforme se ha liquidado, bajo advertencia, de que transcurrido dicho plazo, se le tendrá por desistido de su petición, archivándose el procedimiento por desistimiento tácito del solicitante, dictándose la resolución correspondiente”.

Como quiera que el citado trámite de audiencia no ha podido ser comunicado a la parte interesada, en su último domicilio conocido, en esta provincia, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1.992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999 , BOE de 14 de enero de 1.999.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, Calle Río Neira, nº 19-23, al considerar de aplicación el art. 61 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1.992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999 , BOE de 14 de enero de 1.999.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe

R. 2671

Anuncio

En expediente de solicitud de Residencia Temporal Inicial del Hijo extranjero no nacido en España, de residente legal, presentado en esta Subdelegación del Gobierno por la ciudadana de República Dominicana, BELKYS ALTAGRACIA VENTURA PAYANO, a favor de su hijo, JOSÉ TOMAS PEREYRA VENTURA, se ha remitido escrito de requerimiento en fecha 25/04/2011, cuya parte dispositiva es la que sigue:

“ Se da un plazo de OCHO días hábiles, siguientes a la recepción de la comunicación, para el pago de tasa “modelo 790” y QUINCE DÍAS (desde la fecha de efectuarse el pago) para remitir a esta Subdelegación del Gobierno resguardo conforme se ha liquidado, bajo advertencia, de que transcurrido dicho plazo, se le tendrá por desistido de su petición, archivándose el procedimiento por desistimiento tácito del solicitante, dictándose la resolución correspondiente”.

Como quiera que el citado trámite de audiencia no ha podido ser comunicado a la parte interesada, en su último domicilio conocido, en esta provincia, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1.992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999 , BOE de 14 de enero de 1.999.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, Calle Río Neira, nº 19-23, al considerar de aplicación el art. 61 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1.992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999 , BOE de 14 de enero de 1.999.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe

R. 2672

Anuncio

En expediente de expulsión seguido a instancia de la Comisaría de Lugo al ciudadano de Rumanía IOAN PORGO, de conformidad con el art. 57 2) de la Ley Orgánica 4/2000 de 11 de enero (BOE de 12-1-2000), modificada por ley Orgánica 8/2000, de 22 de diciembre (BOE de 23 de diciembre), LO 14/2003, de 20 de noviembre (BOE 21 de noviembre), reformada por la Ley Orgánica 2/2009 de 11 de diciembre, ha recaído resolución de la Subdelegación del Gobierno de fecha 03-05-2011, cuya parte dispositiva es la que sigue: Se acuerda la expulsión del territorio español por un período de SEIS AÑOS al ciudadano de Rumanía IOAN PORGO.

Como quiera que la citada resolución no ha podido ser comunicada a la parte interesada, en su último domicilio conocido, en esta provincia, se procede a su notificación según lo previsto en el art. 59.5 de la Ley de Régimen Jurídico y Procedimiento Administrativo de 26 de noviembre de 1.992, modificada por Ley 4 de 13 de enero de 1999 , BOE de 14 de enero de 1.999.

Contra dicha resolución, que pone fin a la vía administrativa, cabe interponer, potestativamente recurso de reposición ante este Organismo, en el plazo de un mes a contar desde el día siguiente al de la notificación de la presente resolución o recurso contencioso-administrativo ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo de Lugo, o bien ante el Juzgado de lo Contencioso Administrativo del domicilio del demandante, a elección de éste, en el plazo de dos meses contados desde el día siguiente al de su notificación de acuerdo con lo dispuesto en los arts. 14 y 16 de la Ley 29/1998 (BOE de 14 de julio), sin perjuicio de cualquier otro recurso que estime pertinente interponer.

El correspondiente expediente figura a disposición del interesado para conocimiento íntegro y constancia del mencionado acto en la Oficina de Extranjeros de la Subdelegación del Gobierno en Lugo, Calle Río Neira, nº 19-23.

EL SUBDELEGADO DEL GOBIERNO, José Vázquez Portomeñe

R. 2673

AYUNTAMIENTOS

CERVANTES

Anuncio

Información pública

Formulada e rendida a conta xeral desta Corporación correspondente ó exercicio 2010, integrada polas contas e estados a que fai referencia o artigo 209 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo , polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ó público cos documentos que a xustifican, na Secretaría deste Concello, durante o prazo de 15 días hábiles, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales, e oito mais, os interesados poderán presentar as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes.

Cervantes, a 19 de maio de 2011.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín

R. 2691

LUGO

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 4 de abril de 2011, aprobou inicialmente os expedientes de "MODIFICACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN NA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS" e de "IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓN RESPONSABLES NAS APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS".

Os ditos acordos foron expostos mediante anuncio publicado no diario "LA VOZ DE GALICIA" con data do 6 de abril de 2011, no Boletín Oficial da Provincia número 82 con data do 11 de abril de 2011 e no Taboleiro de Anuncios da Entidade entre os días 12 de abril e 19 de maio do ano en curso, ambos inclusive, sen que se presentase ningunha reclamación durante o prazo de exposición pública, segundo consta na certificación expedida polo Secretario Xeral do Pleno deste Concello con data do 23 de maio de 2011, polo que, de conformidade co establecido nos puntos 3 e 4 do artigo 17 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo,

polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os ditos acordos elévanse automaticamente a definitivos, publicándose a continuación o texto íntegro da modificación e da nova ordenanza fiscal, aprobadas inicialmente no mencionado acordo plenario:

MODIFICACIÓN E IMPLANTACIÓN DUNHA BONIFICACIÓN NA ORDENANZA FISCAL NÚM. 202, REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS:

“PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación e implantación dunha bonificación na Ordenanza fiscal número 202, reguladora do Imposto sobre construcións, instalación e obras que quedará redactado como segue:

Engádese ó artigo 4º bis un novo apartado 8, que queda redactado nos seguintes termos:

“8.- Establécese unha bonificación do 50% da cota do Imposto para construcións, instalacións e obras de nova planta (excluídas as ampliacións e reformas) que sexan declaradas de “especial interese ou utilidade municipal” por concorrer circunstancias favorecedoras do fomento de emprego que impliquen a implantación de actividades empresariais e comerciais co fin de dinamizar o novo polígono industrial das Gándaras, e que redunden en beneficio das condicións socioeconómicas do municipio.

A declaración de “especial interese ou utilidade municipal” corresponderá ó Pleno da Corporación por maioría simple.

Para poder gozar desta bonificación, os suxeitos pasivos do Imposto deberán solicitar do Pleno da Corporación a declaración de “especial interese ou utilidade municipal”.

A solicitude de declaración deberá realizarse unha vez concedida a correspondente licenza de obra e dentro do prazo dun mes dende a concesión desta.

Con ocasión do outorgamento da licenza practicarase liquidación provisional con aplicación da bonificación instada polo solicitante, quedando condicionada a súa aplicación á efectiva concesión polo Pleno; noutro caso, se procederá a practicar unha liquidación complementaria polo importe que corresponda.

Esta bonificación non terá carácter acumulativo.

A solicitude irá acompañada de copia da licenza de obras concedida, plano de situación, presuposto desglosado das construcións, instalacións ou obras e memoria xustificativa na que se acredite o fomento de emprego.

Unha vez declarado polo Pleno o “especial interese ou utilidade municipal” o suxeito pasivo solicitará, no prazo dun mes dende a notificación do acordo plenario, a bonificación do Imposto”.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras entrará en vigor no momento da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.”

IMPOSICIÓN E ORDENACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES NAS APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

“ORDENANZA FISCAL NÚMERO 121

TAXA POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL NAS COMUNICACIÓNS PREVIAS E DECLARACIÓNS RESPONSABLES NAS APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

ARTIGO 1º. NATUREZA E FUNDAMENTO

En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e segundo o disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa pola intervención municipal nas comunicacións previas e declaracións responsables nas aperturas de establecementos, que se rexerán pola presente ordenanza, de conformidade co previsto nos artigos 20.4.i) e 57 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1.- Constitúe o feito imponible da taxa a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar as condicións de tranquilidade, sanidade, salubridade, seguridade e calquera outra esixida pola lexislación vixente para a nova implantación, ampliación, modificación, cambios de titularidade e postas en funcionamento de actividades e/ou instalacións.

A modernización ou substitución de instalacións que non supoñan modificación das características técnicas daquelas ou dos seus factores de potencia, emisión de fumes e cheiros, ruídos, vibracións ou axentes contaminantes, non require modificación das condicións en que estean autorizados, sen prexuízo da tramitación do procedemento de intervención que corresponda nos casos de execución de obras.

2.- Para os efectos previstos nesta ordenanza, enténdese por establecemento todo espazo físico (aberto ou pechado) que, non tendo como destino específico o de vivenda, se dedique ó exercicio de actividades ou instalacións con ou sen despacho ó público.

3.- Para os efectos desta ordenanza, terá a consideración de instalación ou actividade:

a) A primeira instalación.

b) Os traslados a outros locais diferentes. Non constitúen feito impoñible os traslados motivados por causa de ruína, incendio ou catástrofe, expropiacións forzosas do municipio, e os motivados por desafuizamentos que non teñan causa imputable ó arrendatario, sempre que, en todos estes casos, o interesado formule solicitude de inicio de procedemento de intervención dentro do ano seguinte, contado a partir do peche do establecemento anterior ou da concesión da licenza de primeira ocupación se se trata dun edificio de nova construción.

c) Os traspasos ou cambios de titularidade das licenzas de apertura. Non terán a consideración de traspasos ou cambios de titularidade, para estes efectos, os que se refiran a licenzas de apertura concedidas a favor dunha comunidade de bens, cando o novo titular sexa un membro da dita comunidade, ou cando o cambio teña lugar debido a actos de fusión de sociedades mercantís, nas que se produza unha subrogación universal do activo e pasivo delas.

En todos os casos expostos, os interesados están obrigados a comunicarlle ó Concello os cambios producidos para a súa toma de razón.

d) As ampliacións ou variacións do uso ou actividade nos mesmos locais aínda que continúe o titular anterior.

4.- Non estarán suxeitos ó pago desta taxa, pero si á obriga de suxeición ós distintos procedementos de intervención segundo a clase de actividade:

a) As entidades sen fins lucrativos enumeradas no artigo 2 da Lei de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenado do 23 de decembro de 2002, que reúnan os requisitos establecidos no artigo 3 da mesma lei, para o cumprimento dos seus fins de interese xeral.

b) Os economatos e cooperativas.

c) O exercicio dunha profesión en dependencias do propio domicilio (vivenda) do profesional, non considerándose que se dá este suposto cando o interesado no procedemento de intervención sexa unha persoa xurídica. Nos procedementos de inspección, o uso residencial deberá acreditarse por calquera medio válido en dereito non sendo suficiente o empadramento para xustificar o citado uso.

5.- Para os efectos previstos nesta ordenanza, enténdese por posta en funcionamento os procedementos de intervención declarados, comunicados ou de comprobación, incoados polos interesados ou o concello segundo os casos, que teñan por obxecto a acreditación ou comprobación das condicións de exercicio das actividades ou instalacións.

ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS E RESPONSABLES

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial, mercantil ou profesional.

2. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os parágrafos a) e b) do artigo 42.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

ARTIGO 4º. BASE IMPOÑIBLE

1. A base da taxa estará constituída pola superficie útil do local ou locais do establecemento que teñan comunicación entre si.

2. Cando se trate de ampliación do establecemento tomarase como base impoñible a superficie útil na que se ampliou o local.

3. Cando se trate de reformas de establecementos que melloren as condicións estéticas, ornamentais, decorativas e de salubridade pública, tomarase como base impoñible o 80% da superficie útil reformada.

4. Cando se trate de explotacións agrícolas ou gandeiras, tales como cortes, fosas sépticas, silos, almacéns, etc., tomarase como base impoñible o 30% da superficie útil computable.

ARTIGO 5º. COTAS TRIBUTARIAS

1.- A cota tributaria aplicable será de 2,06 € o m².

2. Cando se trate de apertura de establecementos con carácter temporal, por prazo non superior a 6 meses devengará unicamente o 25% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

3. Cando se trate da organización de espectáculos públicos e actividades recreativas, de carácter eventual por prazo non superior a 15 días devengará unicamente o 5% das taxas que procedan de conformidade coa tarifa.

4. Cando se trate de cambios de titularidade da apertura se devengará a taxa mínima regulada no punto seguinte.

5. En todos os casos, calquera cota calculada segundo as normas anteriores, e corrixida co coeficiente establecido no artigo seguinte, non poderá ser inferior a 99,50 €.

6. As cotas determinadas conforme ó establecido neste artigo serán corrixidas, segundo a categoría das rúas deste municipio, aplicando sobre elas os coeficientes correctores expresados a continuación:

Categoría das rúas

Coefficiente corrector

1	1,7
2	1,4
3	1
4	0,7
5	0,5

A clasificación das rúas para os efectos de aplicación desta tarifa, será a que en calquera momento se encuentre vixente, aprobada polo Concello en forma regulamentaria.

ARTIGO 6º.

1.- Nos establecementos situados en centros comerciais se aplicarán os coeficientes correctores correspondentes á categoría da rúa pola que teñan acceso.

2.- Cando un establecemento teña acceso á vía pública por dúas ou máis rúas, aplicarase o coeficiente corrector correspondente á rúa de superior categoría.

ARTIGO 7º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

Serán de aplicación as exencións e bonificacións establecidas polas leis.

ARTIGO 8º. DEVENGO.

1.- Devéngase a Taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito impositivo. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude de inicio do procedemento de intervención, tanto nos casos en que resulte esixible como condición para o desenvolvemento da actividade, a resolución ou autorización municipal previas, como nos procedementos de intervención que non requiran ese pronunciamento.

2.- Cando a posta en funcionamento tivese lugar sen incoar o oportuno procedemento de intervención, a taxa devengarase cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar se o establecemento reúne ou non as condicións esixibles, con independencia das medidas de restauración que resulte oportuno instruír.

Para estes efectos, e se non se iniciou con data anterior, entenderase iniciada a actividade municipal citada, na data de comunicación ó servizo correspondente por parte de inspección de tributos de que se está regularizando unha actividade non considerada nun procedemento de intervención.

3.- A obrigación de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún xeito, pola resolución do procedemento de intervención condicionado á modificación das condicións do establecemento, ou pola renuncia ós dereitos derivados daquel, aínda que non chegase a notificarse o acto ou resolución procedente.

ARTIGO 9º. NORMAS DE XESTIÓN.

1.- Os documentos de inicio dos procedementos de intervención para o desenvolvemento de actividades deberán conter especificación das actividades, ou sector concreto de actividade a realizar con indicación da superficie total (útil e construída) dos locais afectados achegando plano acoutado deles.

2.- Os titulares dos establecementos deberán, así mesmo, documentar nos procedementos de intervención que correspondan as modificacións ou ampliacións no local que puideren sucederse cos requisitos que se determinen en atención ás distintas regulamentacións de aplicación.

3.- A falta de inicio da actividade ou o seu cesamento implicará a caducidade dos actos administrativos habilitantes para o seu exercicio nos termos establecidos na normativa urbanística aplicable.

4.- O titular de calquera actividade empresarial, profesional ou artística está obrigado a presentar ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria a correspondente declaración censual de alta no imposto sobre actividades económicas, así como a comunicar a esa mesma Administración as variacións de orde física, económica ou xurídica que se produzan no exercicio das devanditas actividades, de acordo co establecido no artigo 90 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a normativa que o desenvolve.

ARTIGO 10º. LIQUIDACIÓN E INGRESO.

As liquidacións practicadas conforme os datos declarados polo solicitante terán a consideración de provisionais, e poderán ser comprobadas pola Administración municipal.

As liquidacións practicadas no procedemento inspector tras a comprobación e investigación terán carácter de definitivas.

ARTIGO 11º. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que a elas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral no parágrafo anterior, destácanse como infraccións tributarias específicas con relación a esta taxa, entre outras, as seguintes:

a) Non incoar, antes da actuación inspectora, o procedemento de intervención que proceda en función das características da actividade, o que constitúe un incumprimento da obrigación de presentar a declaración tributaria.

Base da sanción: a contía da cota non liquidada no seu día ó non ser declarada. A sanción correspondente a esta infracción será cualificada e graduada conforme o art. 192 Lei xeral tributaria.

b) A inexactitude ou falsidade na declaración de superficie dos locais, realizada nos documentos incorporados polos interesados ós procedementos de intervención, o que constitúe un incumprimento da obrigación de presentar de forma correcta e completa as declaracións e documentos que permitan á Administración tributaria coñecer a base impositiva (superficie total) para practicar a adecuada liquidación.

Base da sanción: a diferenza entre a cota correcta e a liquidada conforme á declaración incorrecta. A cualificación e graduación da sanción farase conforme o artigo 192 da Lei xeral tributaria.

c) A declaración de existencia dun simple cambio de titularidade cando en realidade existe un cambio de actividade. O que constitúe un goce indebido de beneficios fiscais, baseado nunha declaración incorrecta.

Base da sanción: contía do beneficio ou bonificación indebidamente obtidos. A cualificación e graduación da sanción farase conforme o artigo 192 da Lei xeral tributaria.

d) A declaración falsa de desempeño da actividade na vivenda do profesional, o que constitúe un goce indebido de beneficios fiscais baseado nunha declaración incorrecta.

Base da sanción: contía do beneficio indebidamente obtido (100% da cota). A cualificación e graduación da sanción farase conforme o artigo 192 da Lei xeral tributaria.

e) Non respectar o prazo sinalado por inspección de tributos para acreditar a presentación dos documentos de inicio dos procedementos de intervención, retardando así a liquidación da taxa por parte de inspección, o que constitúe resistencia á inspección de tributos.

Esta infracción cualifícase como grave e será sancionada con multa fixa graduada a tenor do disposto no artigo 203 da Lei xeral tributaria.

f) Non iniciar o procedemento de comunicación ou declaración responsable ou incumplir os prazos dos procedementos de intervención para que, tras a súa solicitude a instancias de inspección de tributos, a taxa sexa liquidada, o que constitúe resistencia á inspección.

Esta infracción cualifícase como grave e será sancionada con multa fixa graduada a teor do disposto no artigo 203 da Lei xeral tributaria.

g) Incumplir a obrigaçión de facilitar a entrada ou permanencia en predios e locais ós funcionarios de inspección de tributos, o que constitúe resistencia á inspección.

Esta infracción cualifícase como grave, e será sancionada con multa fixa de 300 a 10.000 €, graduada a teor do disposto no artigo 203.5 da Lei xeral tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse ese mesmo día, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa."

De conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, os devanditos acordos son firmes na vía administrativa, e poderá interpoñerse no prazo de dous meses, a partir da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, recurso contencioso-administrativo (ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza), se é o caso, ou calquera outro que se estime procedente, de acordo co establecido no artigo 19.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Lugo, 23 de maio de 2011.- O SECRETARIO XERAL DO PLENO, José Antonio Carro Asorey.
A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO, Sonia Méndez García.

R. 2693

MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS DE BARRIOS E PARROQUIAS NO EXERCICIO 2011

Dende o Concello de Monforte de Lemos preténdese apoiar e incentivar a realización de festexos populares nas parroquias e barrios do Municipio.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar festas populares nos barrios e parroquias do Concello de Monforte.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria tódalas parroquias e barrios do Concello de Monforte de Lemos que promovan festas populares, actuando como representantes os organizadores das mesmas que xustifiquen:

- a) Carácter tradicional dos actos para os que solicita a axuda.
- b) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- c) Declaración responsable na que consten as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.

- d) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario das subvencións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

3.- CONTÍA E LIMITES DAS SUBVENCIONES.

A importe de cada subvención non poderá superar os 315,00 € no caso de festas parroquiais, e os 910,00 € no caso de barrios da cidade, en todo caso será proporcional o numero de solicitudes presentadas e aceptadas. As axudas reguladas na presente bases terán carácter único e non acumulativo.

O importe máximo a subvencionar será de 11.830,00€, importe consignado na aplicación 920.480.00 do orzamento municipal para o exercicio 2011.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 11.830,00 euros que se imputará á aplicación 920.48000 do Orzamento municipal do ano 2011.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo co modelo normalizado que figura como **anexo I** das presentes bases.

A solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas., de tódolos membros da comisión organizadora .
- b) Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos.
- c) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.
- d) Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.
- e) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.
- f) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.
- g) Calquera outro documento que se considere de interese para a mellor avaliación da subvención.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentarse no Rexistro Xeral do Concello, Campo se San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requirirase ós interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráse por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES E A SÚA PONDERACIÓN.

Serán subvencionable os gastos derivados do fomento de actividades e programas relacionados cas festividades locais.

A subvención ten carácter voluntario e polo tanto non existe obriga de conceder as axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran as bases desta convocatoria e referirse a actividades realizadas no ano 2011. Cada barrio ou parroquia percibirá como máximo unha subvención.

Os criterios de valoración para o sinalamento da subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

- a) Adecuación dos proxectos, actividades e obxectivos ós fins da subvención 2 puntos.
- b) Proxección social, con especial valoración do mantemento da tradición e o carácter cultural da actividade 2 puntos.
- c) Número estimado de persoas que resulten beneficiarias do desenvolvemento do proxecto 1 punto.

8.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ós servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada polo Alcalde, un técnico do servizo de cultura e e un funcionario do servizo de Intervención do Concello e terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterá, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presenta-la solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa á súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

Contra o acordo de concesión ou desestimación recurso de reposición con carácter potestativo, ante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes contado dende o día seguinte á notificación. Se o recurso de reposición se resolvese expresamente, poderán interpor recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte á notificación ou publicación de dita resolución e se non fora resolto expresamente, o prazo de interposición ante dito Xulgado será de seis meses dende o día seguinte a aquel no que deba entenderse desestimado (art. 46.1 da Lei 29/98 en relación co 117.2 da Lei 30/92).

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, si o acto foi expreso ou de tres meses si o acto presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou coa Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

O prazo de presentacións da xustificación rematará o 30 de novembro de 2011, sendo necesario xustificar cando menos o importe da subvención concedida, en caso de que o importe xustificado sexa menor a subvención reducirase proporcionalmente.

1. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto, no Rexistro do Concello, mediante unha instancia dirixida ó Alcalde (ANEXO II, III), coa data límite do 30 de novembro de 2011.

2. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa(ANEXO II e III). A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- a) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa, as facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario. En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados(ANEXO III).
- b) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (ANEXO II).
- c) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o impedirán.
- b) Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- e) Incumplimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.
- f) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
 - b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.
 - c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.A. incluído)
 - d. Lugar e data de emisión.
- 2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc?) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.
- 3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.
- 4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTICULO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos ,a 20 de maio do 2011.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CELEBRACIÓN DE FESTAS PARROQUIAIS E DE BARRIOS DA CIDADE.

Don _____ con D.N.I. _____ en representación da comisión de festas da parroquia de _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____ e telefono de contacto _____.

DEMÁIS MEMBROS DA COMISIÓN DE FESTAS

D.N.I	Nome e Apelidos

SOLICITA unha subvención por importe de _____ € para a celebración da festa da parroquia/barrio de _____ de acordo coa correspondente convocatoria de subvencións do ano 2011.

DECLARA:

- o que son certos cantos datos figuran nesta solicitude e na documentación que se adxunta,
- o que o solicitante non concorre ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas establecidas no artigo 13 da Lei Xeneral de Subvencións,
- o non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.
- o ter solicitado e/ou recibido as seguintes subvencións e/ou axudas para a mesma finalidade:
 - Contía: _____€
 - Organismo/s: _____

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA:

- o Fotocopia compulsada do CIF no caso de persoas xurídicas e do NIF no caso de persoas físicas (**de todas as persoas compoñentes da Comisión de festas de selo caso**).
- o **Datos bancarios** da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente **certificada pola entidade bancaria**.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO II.

(A presentar coa xustificación da subvención)

CERTIFICACIÓN DE REALIZACIÓN DAS FESTAS SUBVENCIONADAS

D./^a, como representante da entidade/comisión/parroquia ou barrio, CERTIFICA que:

1. As festas que a continuación se relacionan foron subvencionados polo Concello de Monforte de Lemos na convocatoria de subvencións para o exercicio 2011 e realizáronse de conformidade co establecido nas bases da mesma e no Proxecto presentado ao efecto.
2. Que para o desenvolvemento deses programas SI/NON (táchese o que non proceda) obtivéronse subvencións doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais.
3. **(En caso afirmativo)** Que as subvencións obtidas doutras Administracións Públicas, entes públicos ou privados, nacionais e internacionais, para os programas subvencionados polo Concello de Monforte de Lemos, foron polos importes que se indican:

PROGRAMA	ACTIVIDADE	IMPORTE
TOTAL OUTRAS SUBVENCIONS OBTIDAS		

4. Breve descrición das actividades realizadas con motivo das festas subvencionadas.

5. Non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social.

(A entidade comprométese a achegar cuantos documentos sexan requiridos polo Concello para a verificación do exposto, así como cantas inspeccións considere oportuno realizar)

En Monforte, a de de 2011.

O/a representante legal da entidade

Asdo.-:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO III.

(A presentar coa xustificación)

MODELO DA XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA

Cumprimentarase unha relación de xustificantes para cada un dos programas subvencionados. A cada xustificante de gasto a entidade asignaráselle un número de orde, que será o mesmo co que figure relacionado no modelo seguinte.

FESTAS SUBVENCIONADAS:

RELACIÓN DE XUSTIFICANTES

Nº de orde	Proveedor	CIF/NIF Proveedor	Nº factura	Importe (*)

TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO	
----------------------------------	--

(*) Unicamente deberá reflectirse o importe imputable á subvención.

D/Dª. _____
 como representante da entidade, certifica a veracidade de todos os datos reflectidos na presente Memoria.

En Monforte, a ___ de _____de 2011.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS A ASOCIACIÓNS INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓNS, EXERCICIO 2011.

O Concello de Monforte de Lemos se pretende apoiar e incentivar as actividades desenvolvidas por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Municipio.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva para realizar programas, proxectos ou actividades culturais de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

En concreto a finalidade das axudas será contribuír á financiación de programas, proxectos ou actividades culturais levadas a cabo por Entidades e Asociacións sen ánimo de lucro no Concello de Monforte de Lemos.

Non serán subvencionables gastos de funcionamento interno, reforma e acondicionamento de locais, vestiario, cenas, actividades con ánimo de lucro, calquera actividade relacionada co proxecto presentado pero que non se inclúa no mesmo e enseres nin publicacións de carácter interno.

2.- BENEFICIARIOS.

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as asociacións legalmente constituídas que desenvolvan actividades de interese xeral para o municipio, xa sexan de carácter cultural, veciñal, popular, profesional, lúdico ou recreativo, que tendo domicilio social, sede ou representación no Concello de Monforte de Lemos cumpran, ademais dos sinalados no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e no art. 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os seguintes requisitos:

- a) Carecer de ánimo de lucro.
- b) Estar debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Monforte de Lemo na data de publicación no BOP da presente Convocatoria.
- c) Non ser debedor do Concello por calquera tipo de débeda de dereito público.
- d) Ter xustificado debidamente as subvencións municipais recibidas con anterioridade nos termos que se fixaran nas correspondentes convocatorias.

Quedan excluídas as Asociacións e Entidades Deportivas.

3.- CONTÍA E LIMITES DAS SUBVENCÍONS.

A importe de cada subvención non poderá superar os 1.000 euros, nin o 70% do investimento subvencionable. As axudas reguladas na presente bases terán carácter único e non acumulativo.

En ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras Administracións públicas ou entes públicos ou privados, poderá superar o custo da actividade a desenvolver polo beneficiario.

4.- APLICACIÓN ORZAMENTARIA.

Para o financiamento destas subvencións destínase un crédito máximo de 9.500,00 euros que se imputará a aplicación 920.480.01 do Orzamento municipal do ano 2011.

5.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR.

Os interesados deberán presentar solicitude de acordo co modelo normalizado que figura como **anexo I** das presentes bases.

A solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- a) Fotocopia compulsada do NIF en vigor da persoa física que actúen en de representación adxunto o Anexo II.
- b) Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar durante o 2011 para a que se solicita a subvención, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos, de acordo co baremo que figura no artigo 7 destas bases. Anexo III.
- c) Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. Anexo IV.
- d) Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria. Anexo V.

- e) Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados. Anexo VI.
- f) Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario. Anexo VII.
- g) Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social. Anexo VII.

O Concello comprobará de oficio a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións e a non existencia de débedas coa Facenda Municipal.

- h) Memoria acreditativa das actividades a desenvolvidas durante o exercizo 2011. Aquelas Asociacións ou Entidades que non estiveran constituídas durante dito exercicio, poderán suplir dito documento acreditando a data de constitución da mesma. Anexo VIII.

6.- LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN.

A instancia coa restante documentación solicitando a subvención, presentárase no Rexistro Xeral do Concello, Campo se San Antonio s/n, CP 27400, Monforte de Lemos, Lugo ou en calquera das formas previstas no artigo 38.4 da Lei 30/92, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O prazo de presentación de solicitudes será de **15 días hábiles** contados a partir do día seguinte á publicación do anuncio de aprobación das presentes Bases no Boletín Oficial da Provincia.

Se as solicitudes presentadas non reúnen os requisitos sinalados, requirirase ós interesados para que no prazo máximo e improrrogable de dez días subsanen as anomalías advertidas, de non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

7.- CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS E A SÚA PONDERACIÓN.

A subvención ten carácter voluntario e polo tanto non existe obriga de conceder as axudas a todas as solicitudes que se presenten e cumpran as bases desta convocatoria.

a) Os criterios de valoración para determinar a subvención e fixación da súa contía, serán os seguintes:

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo.
NUMERO DE PARTICIPANTES	5 puntos máximo.
REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo

TIPO DE ACTIVIDADE	7 puntos máximo
Exposicións, certámenes, exhibicións, concursos e conferencias	7 puntos fixos
Saídas e excursións	7 puntos fixos

Talleres e formación	Periodicidade	
	0-20 horas	5 puntos
	21-50	6 puntos
	Mais 50 horas	7 puntos
Actuacións, teatro, danza, concertos	7 puntos fixos	
Gastos de Xestión, Funcionamento, (Telefono, papelería, internet, material funxible)	7 puntos fixos	
Actividades de difusión e comunicación	7 puntos fixos	

NÚMERO DE PARTICIPANTE	5 puntos máximo
Ata 25 participantes	1 punto máximo
De 26 a 50 participantes	2 punto máximo
De 51 a 100 participantes	3 punto máximo
De 101 a 500 participantes	4 punto máximo
Mais de 500 participantes	5 punto máximo

REPERCUSIÓN SOCIAL	4 puntos máximo
Actividades para todo o público	4 puntos máximo

Actividades con prazas limitadas	2 punto máximo
Actividades solo para socios	1 punto máximo

b) O calculo da subvención basearase no valor punto que será o resultado de dividir o importe total do proxecto subvencionable (custe do proxecto menos os ingresos previstos) entre a puntuación máxima que se pode obter (16 puntos), sendo o valor punto máximo o resultado de dividir o importe do proxecto entre a puntuación máxima (16 puntos).

No caso de que exista remanente poderase incrementar o importe das subvencións, sen superar o importe máximo subvencionable, de forma proporcional ata esgotar a aplicación orzamentaria correspondente.

8.- INSTRUCCIÓN.

A instrución do procedemento de concesión de subvencións corresponde ós servizos administrativos da Concellaría de Cultura, que realizarán, de oficio, cantas actuacións estimen necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución de acordo co informe de valoración emitido pola Comisión de Valoración.

9.- COMISIÓN DE VALORACIÓN

Estará formada pola Concelleira de Cultura, un traballador do Departamento de Cultura e un funcionario do servizo de Intervención do Concello e terá como función a emisión dun informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada.

10.- RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local, a vista da proposta de resolución definitiva, resolverá o procedemento.

A resolución será motivada e conterà, ademais, do solicitante ou relación de solicitantes ós que se concede a subvención a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de un mes a contar dende o remate do prazo establecido para presenta-la solicitudes.

Transcorrido o referido prazo sen que os interesados obteñan resposta expresa a súa solicitude, entenderase desestimada a petición.

O vencemento do prazo sen ter notificado a resolución, lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvencións.

11.-ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN E COMPROMISOS

A subvención entenderase aceptada polo solicitante se dentro do prazo de 10 días seguintes á recepción da comunicación da concesión, non manifesta nada en contra.

Os beneficiarios das subvencións, unha vez aceptadas estas, quedarán obrigados a destinar os fondos percibidos para o obxecto concreto para o que foron concedidas.

Os beneficiarios, ademais de realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención nos prazos sinalados, someterase ás actuacións de comprobación e seguimento da aplicación da subvención e facilitará canta información lle sexa requirida.

12.- RECURSOS.

Contra a resolución definitiva, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición perante a Xunta de Goberno Local, no prazo dun mes, si o acto foi expreso ou de tres meses si o acto presunto, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

13.- OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS.

As xerais recollidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello e na Lei Xeral de Subvencións (artigos 10 e 14 respectivamente).

14.-FORMA E PRAZO DE PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O pagamento realizarase mediante transferencia bancaria, previa presentación do certificado bancario con número da conta do titular e xustificación nos termos sinalados no punto 15 destas bases.

Non poderá realizarse o pago da subvención mentres o beneficiario non se atope o corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou ca Seguridade social ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

15.- XUSTIFICACIÓN.

O prazo de presentacións da xustificación rematará o **30 de novembro de 2011**.

4. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto, no Rexistro do Concello, mediante unha instancia dirixida ó Alcalde, coa data límite do 30 de novembro de 2011.

5. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte:

- d) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo no exercicio 2011.
- e) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados e ingresos percibidos con motivo da actividade subvencionada (Anexo X).
- f) Relación desagregada de todos os ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas. (Anexo X).
- g) Xustificación do gasto subvencionado que deberá realizarse mediante a presentación de facturas orixinais ou fotocopias compulsadas das mesmas e demais documentación de valor probatorio ou equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e eficacia administrativa acompañadas do Anexo IX. As facturas deberán estar seladas e firmadas constando o recibo de pagamento. En caso de que o pagamento se realice por transferencia bancaria deberá presentarse extracto ou xustificante bancario. En todo caso, deberá acreditarse debidamente o pago das facturas e demais documentos presentados como xustificación dos gastos subvencionados .
- h) Declaración xurada do beneficiario que acredite a realización da actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada (Anexo IX).
- i) Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello en relación co outorgamento da subvención.

16.- REINTEGRO DE SUBVENCIONES.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para elo ou ocultando aquelas que o houberan impedido.
- b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, da actividade, do proxecto ou a non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- c) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- d) Incumprimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
- e) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro.
- f) Incumprimento das obrigas impostas pola administración, así como dos compromisos asumidos polos beneficiarios das subvencións, sempre que afecten ou se refiran o obxecto da subvención.
- g) A adopción dunha decisión da cal se derive a necesidade de reintegro.

17.- NORMAS XERAIS DAS FACTURAS.

Todas as facturas que se presenten deberán conter os datos que esixe o Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturar, que son os seguintes:

- a. Número de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura.
- b. Nome e apelidos ou denominación social, número de identificación fiscal, e domicilio de quen a expide e do destinatario.
- c. Descrición e data de realización da operación e a súa contraprestación total. Desagregación do IVE con indicación do tipo aplicable (non se admitirán facturas co I.V.A. incluído)
- d. Lugar e data de emisión.

2.- Nos pagos realizados a profesionais por servizos prestados (charlas, conferencias, colaboracións, etc?) deberá constar ademais na factura emitida ao efecto, a retención realizada en concepto de IRPF que deberá ser ingresada en Facenda.

3.- As facturas deberán estar datadas no ano no que se concedeu a subvención.

4.- Si se está exento de IVE, engadir na factura: EXENTO DE IVE EN VIRTUDE DO ARTICULO QUE CORRESPONDA SEGUNDO Os SUPOSTOS DA LEI 37/1992, DE 28 DE DECEMBRO, DO IVE.

18.- DISPOSICIÓN ADICIONAL:

No non previsto nas presentes bases estarase ó disposto na ordenanza xeral reguladora da concesión de subvencións municipais, bases de execución do orzamento municipal, e de xeito supletorio, na Lei 38/2003, do 17 de novembro de, Xeral de Subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Monforte de Lemos ,a 20 de maio do 2011.- O ALCALDE, Severino Rodríguez Díaz

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ASOCIACIÓN INSCRITAS NO REXISTRO MUNICIPAL DE ASOCIACIÓN

DATOS DA ASOCIACIÓN

Nome	
C.I.F.	
Domicilio	
Teléfono	

DATOS DO REPRESENTANTE

Nome e Apelidos	
D.N.I	
Domicilio	
Teléfono	

DOCUMENTACIÓN PRESENTADA

- o Fotocopia compulsada NIF do representante.
- o Memoria explicativa detallada do programa de actividades realizado ou que se pretende realizar, con especificación da data, lugar de realización, responsables do desenvolvemento da actividade, obxectivo e fins concretos a que se destinaran os fondos.(Anexo III).
- o Orzamento de ingresos e gastos da actividade con expresión das axudas solicitadas ou concedidas por parte doutros organismos públicos ou privados. (Anexo IV).
- o Datos bancarios da conta á que se poderá transferir o importe da subvención, debidamente certificada pola entidade bancaria.(Anexo V)
- o Declaración responsable da entidade solicitante no que conste as subvencións e/ou axudas solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ó Concello a concesión de calquera outra axuda de Entes públicos ou privados.(Anexo VI)
- o Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario.(Anexo VII).
- o Declaración responsable de non ser debedor á Facenda Estatal e Autonómica, nin a Seguridade Social. (Anexo VII).
- o Memoria acreditativa das actividades desenvolvidas durante o exercicio 2011. Aquelas Asociacións ou Entidades que non estiveran constituídas durante dito exercicio, poderán suplir dito documento acreditando a data de constitución da mesma.

A presentación desta solicitude implica, aos efectos previstos na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro de Protección de datos de carácter persoal, o consentimento do interesado para a inclusión dos seus datos no ficheiro correspondente do Concello de Monforte de Lemos, sendo tratados de forma totalmente confidencial e soamente poderán se tratados para o estricto cumprimento das finalidades derivadas da solicitude. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento nos termos previstos na lexislación vixente, ante responsable do ficheiro, o Excmo. Concello de Monforte e Lemos.

En _____, a ____ de _____ de 200__

Asinado:

ACREDITACIÓN DA REPRESENTACION
(só para entidades CON personalidade xurídica)

D./D^a _____ Secretario da Entidade

CERTIFICO:

Que na sesión da (Xunta de Socios, Asamblea, etc) _____ celebrada o día ____ de _____ de _____ acordouse nomear a D./D^a _____ como _____ cargo que lle atribúe a representación legal da Entidade con poderes suficientes para actuar por nome da mesma.

Que o número de socios da Entidade á data da presente certificación é de: _____

En _____, a ____ de _____ de 200__

Asinado:

ANEXO III

MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES SUBVENCIONABLES A REALIZAR OU REALIZADAS NO 2011

DESCRIPCIÓN:**NÚMERO DE PARTICIPANTES****REPERCUSIÓN SOCIAL**

Actividades para todo o público	
Actividades con prazas limitadas	
Actividades solo para socios	

En _____, a día _____ de _____ de 200___

Asinado:_____

ANEXO IV.
ORZAMENTO ESTIMADO DE INGRESOS E GASTOS

ACTIVIDADE:.....

GASTOS PREVISTOS:

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS PREVISTOS

CONCEPTO	EUROS
Subvención que se solicita do Concello	
Subvencións de outras Administracións (Deputacións, Xunta...)	
Subvencións ou axudas de entidades privadas	
Outros ingresos (detallados):	
TOTAL	

En, a día ____ de de 200__

Asinado:.....

**ANEXO V.
DATOS DA CONTA BANCARIA**

Forma de pagamento:

Transferencia bancaria:

Titular da conta:

Codigo entidade				Codigo sucursal				DC		Número de conta												

Monforte _____ de _____ de 200_____

Asinado:

(debera adxuntar certificado da entidade Bancaria, ou que nesta folla se faga constar o selo da entidade).

**ANEXO VI
DECLARACIÓN XURADA**

D./D^a _____, en calidade de representante legal da Entidade
 _____ declaro que para a realización da actividade

() Non se solicitaron nin se obtiveron outras subvencións/axudas de entidades públicas ou privadas.

() Solicitáronse as seguintes subvencións/axudas:

ENTIDADE	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO
TOTAL		

En _____, a día _____ de _____ de 200__

Asinado: _____

ANEXO VII
DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a _____, con DNI _____,
en calidade de representante legal da Entidade _____,
declaro que a mesma non ten débedas fiscais nin sociais pendentes coa Seguridade Social nin coa Administración Autonómica, nin se atopa en ningún dos supostos que impiden obtela condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Asimesmo, en cumprimento do artigo 23.3 da Lei Xeral de Subvencións, autorízase ó Concello de Monforte a solicitar os correspondentes certificados de atoparse ó corrente das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

En _____, a día _____ de _____ de 200__

Asinado: _____

ANEXO VIII
MEMORIA EXPLICATIVA DA ACTIVIDADES REALIZADAS NO 2010.

ANEXO IX.**(A presentar coa xustificación)****MODELO DA XUSTIFICACIÓN ECONÓMICA**

Cumprimentarase unha relación de xustificantes para cada un dos programas subvencionados. A cada xustificante de gasto a entidade asignará un número de orde, que será o mesmo co que figure relacionado no modelo seguinte.

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA:

RELACIÓN DE XUSTIFICANTES

Nº de orde	Provedor	CIF/NIF Provedor	Nº factura	Importe (*)

TOTAL IMPORTE XUSTIFICADO	
----------------------------------	--

(*) Unicamente deberá reflectirse o importe imputable á subvención.

D/Dª.

como representante da entidade, certifica a veracidade de todos os datos reflectidos na presente Memoria, e así mesmo declara que se realizou a actividade e que as facturas que se presentan foron aplicadas á actividade subvencionada.

En Monforte, a de de 2011.

Asdo:

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

ANEXO X
RELACIÓN DE INGRESOS E GASTOS

ACTIVIDADE:.....

GASTOS REALIZADOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

INGRESOS PERCIBIDOS

CONCEPTO	EUROS
TOTAL	

En, a día ____ de de 200__

Asinado:.....

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS

R. 2696

NEGUEIRA DE MUÑIZ*Anuncio*

Aprobación provisional ordenanza fiscal

ANUNCIO DE INFORMACIÓN PÚBLICA

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 18 de maio de 2011, adoptou o acordo de imposición da taxa por expedición de documentos administrativos e aprobación inicial da correspondente ordenanza fiscal (núm. 6).

Faise público durante o prazo de trinta días hábiles, que contarán desde o seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas de conformidade co disposto no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

De non se presentar reclamacións entenderanse definitivamente adoptados os acordos, publicándose o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

Negueira de Muñiz, 19 de maio de 2011.- O alcalde, José Manuel Braña Pereda

R. 2678

Anuncio

Por Resolución da Alcaldía de 20 de maio de 2011 aprobaronse as bases que rexerán a convocatoria dun/ha praza de traballador/a social, en réxime laboral temporal, modalidade de contrato por obra ou servizo determinado, polo procedemento de concurso-oposición.

As Bases están a disposición dos interesados no Taboleiro de Edictos, e complementariamente na web municipal. O prazo de presentación de instancias é de CINCO días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

En Negueira de Muñiz, a 20 de maio de 2011.-O Alcalde, José Manuel Braña Pereda

R. 2679

PALAS DE REI*Anuncio*

Solicitando desta Alcaldía por GAVIEIRO E HIJOS S.L., licenza municipal para ampliación de explotación de gando vacún: construción de estabulo e fosa de zurro, a situar no lugar de Castro, na parroquia de Mosteiro, cumprindo o disposto no art. 8.1. do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, no que se regula a avaliación de incidencia ambiental sométese a información pública por período de vinte días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no DOGA- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Palas de Rei, 30 de marzo de 2011.- O alcalde-presidente,

R.2542